



Orde do 31 de xaneiro de 2023 pola que se aproba o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2023

A Constitución española de 1978, no seu artigo 40.2, establece como un dos principios reitores da política social e económica a obriga dos poderes públicos de velar pola seguridade e hixiene no traballo, mandato que abrangue todas as administracións públicas, cada unha no ámbito das súas competencias. Asemade, no seu artigo 35 recoñece o dereito ao traballo, o que implica o fomento dunhas condicións laborais dignas e seguras. No seu artigo 149.1.7 atribúelle ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte das comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 29 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral.

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, adscrito organicamente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que de acordo co establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, e nos seus estatutos aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, se configura como un órgano técnico-científico da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo.

O Issga ten como obxecto a xestión e a coordinación das políticas que nesta materia establezan os poderes públicos de Galicia, coa participación activa no deseño e execución dos interlocutores sociais de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo. Todo isto de xeito coordinado coas autoridades laboral, sanitaria e mineira e outras unidade directivas da Xunta de Galicia.

O artigo 36 dos estatutos do Instituto establece que este desenvolverá as súas actividades consonte o establecido no seu plan anual de actuación, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos fins e desenvolver as funcións que lle son propias e que se deseñan dentro da estratexia galega de seguridade e saúde no traballo aprobada pola Xunta de Galicia no marco do dialogo social.

Neste plan distínguense iniciativas novas que teñen unha duración limitada no tempo; que pode ser anual ou nalgúns casos plurianual, outras que supoñen a continuación de actividades iniciadas en anos anteriores e outras que constitúen



actuacións de carácter permanente do Issga, de acordo coas funcións que ten encomendadas segundo o establecido na súa lei de creación e nos seus estatutos.

No 2023 adquire especial relevancia a elaboración e negociación cos axentes sociais da vindeira estratexia galega de seguridade e saúde no traballo que ata o 2027 marcará as pautas a seguir a medio prazo en Galicia para a mellora das condicións de traballo, e a conseguinte redución da sinistralidade, nun momento de transformación do mundo do traballo e no contexto do marco estratéxico da UE de saúde e seguridade no traballo 2021-2027 e da vindeira estratexia española que se iniciará no 2023.

De acordo co anteriormente exposto, vista a proposta do Consello Reitor do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia relativa á aprobación do Plan de actuación deste organismo para o ano 2023 logo da súa reunión do día 25 de novembro de 2022, e tras o informe favorable da Consellería de Facenda e Administración Pública

DISPOÑO

Artigo único. Aprobación do Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2023

Apróbase o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2023, de conformidade co disposto no artigo 36.4 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2015) e resólvese dispor a publicación do documento aprobado, que estará accesible para a súa consulta no seguinte enderezo web do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia:

<https://issga.xunta.gal/gl/biblioteca/plan-de-actuacion-2023>

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

María Jesús Lorenzana Somoza